

Resolución reitoral 30 de maio 2023, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas para a iniciación á investigación no marco do Convenio de Colaboración entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra.

A Universidade de Santiago de Compostela ten entre as súas finalidades a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico, tal e como dispón o artigo 4 dos seus Estatutos.

A Universidade de Santiago de Compostela a través do Convenio de Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra, oferta bolsas de iniciación á investigación, co obxecto de fomentar a iniciación a investigación a estudantes que estean a cursar estudos correspondentes ao último curso dos graos que se imparten no Campus Terra ou ben cursando un mestrado deste Campus no curso académico (2023-2024) sempre que a investigación se relacione con algún dos eixos de especialización do Campus Terra.

Con esta finalidade, establécense as bases reguladoras e a convocatoria de bolsas obxecto desta resolución, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e co Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que ten conferidas resolve:

BASES E CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é promover a iniciación en tarefas de investigación do estudiantado universitario que estean finalizando os seus estudos de Grao, ou que estean matriculados da totalidade dos créditos dun mestrado no curso 2023-2024, mediante a asignación dunha bolsa que lles permita iniciarse nas tarefas de investigación vinculadas cos estudos que están cursando e facilitar a súa futura orientación profesional ou investigadora, no marco dun proxecto de investigación vinculado a grupos de investigación ou investigadores do Campus Terra.

As persoas beneficiarias terán asignado un plan de investigación baixo a supervisión dunha persoa investigadora. As persoas beneficiarias adquirirán coñecementos e destrezas na área temática do seu proxecto de investigación e, así mesmo, participarán nas actividades científicas do grupo de investigación ao que se incorpore.

SEGUNDA. Réxime xeral

Convócanse un máximo de **27 bolsas** de iniciación a investigación. O financiamento imputarase á partida orzamentaria 8183-272B-64100 correspondente ao exercicio 2023. A contía máxima para estas axudas ascende a 69.552 euros.

Estas axudas están financiadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

TERCEIRA. Características das bolsas

A formación investigadora obxecto destas bolsas terá unha duración de 4 meses e realizarase entre os meses de setembro de 2023 e decembro de 2023. O horario das prácticas formativas será de 3 horas diarias a concretar entre a persoa seleccionada e o grupo de investigación onde estea vinculada.

A axuda terá unha contía máxima de **2.576 euros brutos** realizada nun único pagamento ao inicio da bolsa. A este importe se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

A concesión destas bolsas non conleva a exención do pago por parte do beneficiario dos prezos públicos por servizos académicos.

Poderá obterse a condición de beneficiario desta bolsa nun único curso académico e por unha soa vez.

De conformidade cos artigos 37 e 40 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o incumprimento das obrigas das persoas beneficiarias, así como o abandono antes da finalización do período establecido no parágrafo anterior, suporá o reintegro por parte do/a bolseiro de todo ou parte da bolsa concedida.

CUARTA. Requisitos dos beneficiarios

1. Non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Grao, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou Máster oficial.
2. Poderán acceder á consideración de beneficiarios as persoas físicas que cumpran algún dos seguintes requisitos:
 - a) Estar matriculado no curso **2023-2024** en ensino oficial da totalidade das materias ou créditos que lle resten para finalizar os seus estudos dun Grao que se imparta no Campus Terra e ter superado o 75 por cento da carga lectiva da súa titulación.
 - b) Estar matriculado no curso **2023-2024** en ensino oficial da totalidade dos créditos dun mestrado, que se imparta no Campus Terra.
3. Nos supostos de estudantes que estean a cursar os denominados dobres graos, só serán tidos en conta os créditos e cualificacións correspondentes á titulación pola que opte á bolsa de iniciación a investigación.
4. Presentar un proxecto de investigación, vinculado a un dos eixos de especialización do Campus Terra. As persoas solicitantes deberán escoller unicamente un dos eixos que veñen recollidos a continuación:
 - Producción vexetal e agricultura sostible
 - Producción e saúde animal sostibles

- Alimentación segura e saudable
- Xestión forestal sostible
- Novas tecnoloxías: TICs, ómicas, etc.
- Cambio climático
- Biodiversidade e infraestruturas verdes
- Unha única saúde. OneHealth
- Historia e cultura no mundo rural

QUINTA. Incompatibilidades

Ademais das incompatibilidades xerais establecidas na Lei xeral de subvencións e demais normativa aplicable, a percepción da bolsa será incompatible con calquera outra axuda ou subvención recibida para a mesma finalidade, excepto coas bolsas de carácter xeral para o curso 2023-2024, convocadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para os estudantes universitarios.

Esta axuda será incompatible con calquera contrato laboral activo na USC ou en calquera outra entidade pública ou privada. A persoa seleccionada deberá achegar unha declaración de incompatibilidade asinada, establecendo que no momento de aceptar dita axuda e durante o período que dure a mesma cumpre o establecido neste apartado. O modelo de dito documento será facilitado logo da publicación da concesión definitiva das persoas beneficiarias.

En ningún caso, a concesión desta bolsa, implicará relación xurídico-laboral algunha entre a USC e a persoa beneficiaria. A colaboración prestada polo bolseiro estará directamente vinculada cos seus estudos e non supoñerá, en ningún caso, a realización de tarefas propias dun posto de traballo.

SEXTA. Presentación de solicitudes

1. A presentación de solicitudes farase a través da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela (<https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>), empregando o formulario de solicitude dispoñible, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes irán dirixidas á Área de xestión da Investigación. Na solicitude deberá indicarse que desexa participar na convocatoria de bolsas para a iniciación á investigación do Campus Terra (Non é preciso achegar ningunha documentación no momento de realizar este rexistro).
2. Presentada a solicitude na sede electrónica da USC, a persoa solicitante recibirá por correo electrónico, unhas instrucións de como achegar a documentación que se indica no seguinte punto.
3. Os documentos que deberán achegar coa solicitude son:
 - a) **Xustificante de estar matriculado no curso 2023/2024 dun grao** no que consten as cualificacións obtidas e con expresión da nota media en base 10 obtida nos estudos oficiais que estea cursando a persoa solicitante.
 - b) **Unha declaración responsable** onde manifieste a súa vontade de estar matriculado nun Máster oficial da USC no curso académico 2023/2024 e que manifiesta o seu compromiso de achegar o xustificante de matrícula antes do 1 de setembro de 2023, toda vez que na data fin de presentación de solicitudes desta convocatoria aínda non está aberto o período de matrícula dos mestrados na USC. O incumprimento desta obriga de matrícula no curso de 2023/2024, ou a constatación por parte da

Universidade da falsidade ou inexactitude dos datos que deron lugar á concesión da bolsa suporá a persoa do dereito a ser beneficiario da bolsa. Ademais deberán achegar copia do **expediente académico** de grao onde figure expresamente as cualificacións de todas as materias. No caso de que a persoa interesada realizase os seus estudos de grao, nunha Universidade española distinta da USC deberá remitir certificado académico correspondente ás titulacións que se posúan ou ás ensinanzas superadas na data de presentación da solicitude, expedido ou facilitado pola institución académica.

No certificado deberán figurar as cualificacións obtidas e datas de obtención das mesmas correspondentes ás materias que constitúen o programa das titulacións ou ensinanzas que se recollan.

Cando se trate dunha titulación obtida en centros estranxeiros deberán facer constar unha certificación de equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros.

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-extranjeros/equivalencia-notas-medias.html>)

- c) Anexo I.: Proxecto de iniciación á investigación (modelo libre)
- d) Anexo II: Aceptación da Bolsa.
- e) Anexo III. Formulario de Solicitude
- f) Anexo IV. Solicitude do eixo Campus terra.

SÉTIMA. Criterios de selección e adxudicación das bolsas

O proceso de selección comprenderá unha única fase na que se seleccionará á persoa candidata previa avaliación das solicitudes presentadas. As solicitudes serán cualificadas cunha puntuación entre 0 e 10 puntos, que se desagregará do seguinte xeito:

- a. **O expediente académico** da persoa participante, ata un máximo de 8 puntos.
- b. **Proxecto de iniciación á investigación** a desenvolver nalgún dos eixos de investigación do Campus Terra cunha extensión aproximada de 500 palabras, ata un máximo de 2 puntos, e engadindo a que eixo específico do Campus Terra se vincula o proxecto presentado. Dito proxecto deberá presentarse debidamente asinado pola persoa solicitante e por un membro do grupo de investigación onde se vinculará a bolsa.

A comisión de selección na valoración do proxecto terá en conta:

- A adecuación ao eixo do Campus Terra: **2 puntos.**

A distribución das prazas convocadas será de tres prazas por cada un dos eixos que se presentan no artigo 4.4. As prazas serán adxudicadas segundo a elección do eixo das persoas solicitantes e a orde de puntuación obtida na avaliación.

No caso de que algún eixo non fose cuberto por algunha persoa candidata, esa praza será asignada ao resto dos eixos acadando a praza a persoa solicitante que obtivese maior puntuación na avaliación con independencia do eixo que seleccionara.

OITAVA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes

As bases e a convocatoria publicaranse no Taboleiro Electrónico da USC e, así mesmo, estará

dispoñible na web da Vicerreitoría de Política Científica da Universidade de Santiago de Compostela.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación no Taboleiro Electrónico e rematará o **20 de xullo de 2023**.

NOVENA. Instrución e tramitación do procedemento

O órgano competente para a instrución do procedemento será a Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela. Á vista das solicitudes presentadas, o órgano instrutor realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

No caso de advertir que a documentación presentada é incompleta concederá un prazo de emenda de 3 días hábiles ás persoas solicitantes. De non emendar os defectos nese prazo, procederá ao arquivo da solicitude.

Unha vez emendadas as deficiencias que se aprecien nas solicitudes, a Xerencia elevará a relación nominal de solicitantes xunto coa documentación á Comisión de Selección.

DÉCIMA. Órgano de selección

A Comisión de Selección será a encargada de avaliar as diferentes solicitudes e de emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación, tendo en conta os requisitos xerais establecidos e os criterios de selección e adxudicación previstos na base sétima. O informe será remitido a Xerencia e recollerá a ordenación de todas as solicitudes presentadas. A comisión de selección estará formada por membros da Comisión de Investigación do Campus Terra:

- Presidenta: M^ª Elvira López Mosquera
- Secretaria: César Pérez Cruzado
- Vogal 1: Ana Cabana Iglesia

Suplentes:

- Presidenta: Azucena Mora Gutiérrez
- Secretario: Marcelino Maneiro Maneiro
- Vogal 1: Vicente Blanco Mosquera

Os membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándollos ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector público. Por maior abastanza, seralles requirida pola USC unha declaración de ausencia de conflito de intereses. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando conorra algunha das circunstancias anteriormente citadas.

UNDÉCIMA. Proposta de resolución

A Xerencia á vista do informe da Comisión de Selección, formulará a proposta de resolución que se publicará no Taboleiro Electrónico da USC e na páxina Web da Vicerreitoría de Política Científica.

Por tratarse dunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, a Xerencia poderá propoñer, de ser o caso, a publicación da relación de persoas solicitantes que constituirán unha lista de agarda para o caso de que existan renuncias de persoas beneficiarias da axuda. Dita proposta será elevada ao Reitor xunto coa de seleccionados.

Resolta a convocatoria, as persoas beneficiarias da axuda deberán presentar no prazo máximo de 3 días hábiles a partir da publicación da resolución definitiva de concesión, o documento de aceptación expresa da axuda concedida establecido no Anexo III desta convocatoria. As persoas beneficiarias recibirán información, a través dun correo electrónico, sobre a documentación que deben achegar para a formalización da súa bolsa.

Se algunha das persoas beneficiarias renunciase expresamente, ou non aceptase a axuda no prazo e forma establecido nesta convocatoria, o Reitor a proposta da Xerencia poderá acordar a concesión da axuda ao seguinte solicitante, seguindo a orde de puntuación, da listaxe de agarda.

DUODÉCIMA. Resolución, notificación e réxime de recursos.

A Xerencia elevará a proposta de resolución definitiva á Reitoría da Universidade, que ditará a resolución que poña fin ao procedemento.

A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes.

A proposta de resolución contemplada na base undécima non xera dereitos a favor do beneficiario proposto mentres non se notifique a resolución de concesión.

A resolución de concesión ou denegación definitiva adoptárase no prazo máximo dun **mes** contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e comunicárase de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, mediante a súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.

DÉCIMOTERCEIRA. Entrega de documentación

As persoas beneficiarias das bolsas de acordo coa resolución de concesión definitiva, deberán entregar con carácter previo ao inicio da formación investigadora, a seguinte documentación:

- a) Copia do documento de identidade ou pasaporte
- b) Código Conta Cliente da entidade bancaria onde queiran percibir a axuda.

As persoas beneficiarias recibirán información, a través dun correo electrónico, de como deben achegala.

DÉCIMOCUARTA. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a asistir ás actividades formativas de investigación para as que se concede a bolsa e deberán presentar **unha memoria** das actividades realizadas, dun máximo de dúas páxinas, no prazo máximo de 10 días naturais dende o remate da súa actividade. A memoria deberá estar asinada pola persoa interesada e pola persoa responsable da súa titorización, e deberán ser enviadas ao seguinte enderezo electrónico investigacion.rrhh@usc.gal. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da bolsa.

Do mesmo xeito as persoas beneficiarias estarán obrigadas a cumprir as normas internas vixentes nos centros, en especial aquelas relativas ás políticas preventivas de riscos no lugar onde desenvolva a súa actividade. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro da bolsa

así como o establecido na cláusula terceira desta convocatoria.

A Universidade de Santiago de Compostela resérvase o dereito a requirirle ás persoas beneficiarias a documentación orixinal que deu lugar á obtención da bolsa . O incumprimento desta obriga, ou a constatación por parte da Universidade da falsidade ou inexactitude dos datos que deron lugar á concesión da bolsa, serán causa de reintegro da axuda.

Ase mesmo, as persoas beneficiarias das bolsas deberán seguir as normas de filiación ao Campus Terra en todas as súas comunicacións e publicacións derivadas da súa produción científica. Ditas normas están recollidas en <https://www.usc.gal/gl/campusterra/filiacion>. Os logotipos a usar poden descargarse en <https://www.usc.gal/gl/campusterra/imaxe-corporativa>.

DÉCIMOQUINTA. Disposición derradeira

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO II
ACEPTACIÓN DA BOLSA DE INICIACIÓN A INVESTIGACIÓN

DATOS DA PERSOA QUE OBTIVO A BOLSA

Apelidos, nome: PASAPORTE/NIE/NIF:
E-mail de contacto:
Teléfono de contacto:

en virtude da solicitude presentada de conformidade coa Resolución reitoral do 22 de xullo de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas para a iniciación á investigación no marco do Convenio de Colaboración entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra publicada o 22 de xullo de 2022 no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela, manifesta a **ACEPTACIÓN** da subvención proposta e das condicións establecidas na referida resolución.

Santiago de Compostela, a

Nome, apelidos:
Asinado:

Anexo III - Formulario de Solicitud

Aceptación das condicións de uso Segundo a LOPD

- Autorización:** De acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais e co Regulamento da UE 2016/679, os datos serán procesados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) con o propósito de xestionar os procesos de acceso á universidade, matrícula, continuación de estudos, transferencias, xestión de expedientes académicos, titulacións e cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica. O responsable do dito tratamento é a Secretaría Xeral da USC, cuxos datos de contacto son Praza do Obradoiro, s/n, 15782- Santiago de Compostela, correo: sec.xeral@usc.es, teléfono 881811009. O delegado de protección de Os datos son José Julio Fernández Rodríguez, dpd@usc.es A base da xustificación deste tratamento é a prestación do servizo de educación superior (Lei orgánica de universidades e Lei autonómica 6/2013, do sistema universitario de Galicia). Os datos poden transferirse ás administracións públicas con competencias na materia e nos casos de obrigas legais. As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, eliminación, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Oficina Electrónica en <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/43/ver.htm>

Tamén poden poñerse en contacto cos Axencia Española de Protección de Datos para facer a reclamación que consideren oportuna. Os datos conservanse durante o período no que se realizou o propósito para o que foi recollido, ou o tempo necesario para cumprir as obrigas legais. Unha vez cumprido o propósito, os datos que non forman parte da prestación do servizo público quedarán bloqueados ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables. A política de privacidade e protección de datos da USC pode atoparse en <http://www.usc.es/gi/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

Autorización: Autorizo o tratamento dos datos proporcionados de acordo coa lexislación vixente

Declaración de datos persoais e de contacto

• Tipo de documento identidade	<input type="text"/>	• Número documento de identidade	<input type="text"/>
• Nome	<input type="text"/>	• Apellidos	<input type="text"/>
• Data de nacemento	<input type="text"/>	• País de nacionalidade	<input type="text"/>
		• Sexo	<input type="text"/>
• Enderezo	<input type="text"/>		• C. Postal
	<input type="text"/>		<input type="text"/>
• Localidade	<input type="text"/>	• Concello	<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text"/>
• Provincia	<input type="text"/>	• País	<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text"/>
• Teléfono	<input type="text"/>	• Email	<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text"/>
• Alumno da USC	Si <input type="checkbox"/>	Non	<input type="checkbox"/>

Datos xenéricos

• Agrupación para a que se solicita a bolsa: Bolsa Iniciación Investigación - Campus Terra ▼	
• Declaro:	- Cumprir os requisitos académicos establecidos na base Cuarta da convocatoria. - A veracidade da documentación e da información adxunta na solicitude, comprometéndome a probar documentalmente tódolos datos que figuran nela se a Universidade de Santiago de Compostela requireos. - Non incorrer en ningunha das causas de inhabilitación previstas non artigo 13.2 de Lei xeral de subvencións 28/2003, do 17 de novembro. - Non ter concedida ou solicitada ningunha outra axuda para a mesma finalidade
• Conforme coa declaración responsable	Si <input type="checkbox"/>

Sinatura:

Anexo IV

Solicitud de participación nun eixo do Campus Tera

DATOS DA PERSOA QUE PRESENTA A SOLICITUDE

Apelidos, nome: PASAPORTE/NIE/NIF:

E-mail de contacto:

Teléfono de contacto:

Eixo do Campus Terra ao que se vincula o proxecto de investigación:

Santiago de Compostela, a

Nome, apelidos:

Asinado:

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
30/05/2023 13:57:23.

CSV: 1A8B-603F-426F-B110